

## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

NOTA: Desde o curso 2019-20 non se ofertan prazas de novo ingreso no GLLE na Facultade de Humanidades (campus de Lugo). A matrícula global no curso 2022-23 neste campus foi de 1 estudante, quen superou as dúas materias pendentes para conseguir o título. Polo tanto, os datos deste autoinforme non teñen en conta os indicadores proporcionados polo Centro de Datos e Procesos relativos á Facultade de Humanidades de Lugo. Só se fai referencia a este campus ao comentar, no § 7.3, o *EIL1415: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-2015*, por conter información sobre a inserción laboral de titulados no GLLE cando estaba en funcionamento o grupo de Humanidades de Lugo.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - [Dimensión 2. Recursos](#)
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - [Dimensión 3. Resultados](#)
    - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
  
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2023-2024
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [AM-01](#)
      - [AM-02](#)
      - [AM-04](#)
      - [AM-05](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia
      - [AM-03](#)
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Outros Criterios
- Accións abertas de axendas anteriores (**Renovación acreditación curso 2022-23**)
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - [AM-01](#)
    - [AM-03](#)
    - [AM-04](#)
    - [AM-05](#)
  - Criterio 2 - Información e transparencia
  - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - Criterio 4 - Recursos humanos
  - Criterio 5 - Recursos materiais
    - [AM-02](#)
  - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - [AM-06](#)
  - Outros Criterios

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Ámbito de coñecemento	Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2009
Data acreditación ex ante (verificación)	15/09/2017
Datas renovación acreditación	27/07/2009; 28/11/2023

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil formativo do título mantén o interese e a relevancia académica, científica e profesional, e axústase á memoria de verificación, coas actualizacións necesarias. A formación ofrecida aos estudantes, actualizada e adaptada aos avances tecnolóxicos e científicos, así como aos requirimentos do mercado laboral, cumpre os obxectivos, as competencias xerais e as competencias específicas establecidos na memoria de verificación. Poden consultarse os datos derivados das enquisas de satisfacción no CRITERIO 7, apartado 7.2., onde se observa que os indicadores de satisfacción son globalmente positivos en todos os colectivos analizados.

O perfil de ingreso ao GLE é coherente coas previsións iniciais: alumnado procedente maioritariamente do Bacharelato, que nos tres últimos cursos ten unha nota media superior a 10 e cuxa elección do grao segue a ser, en boa medida, vocacional. Estes datos están analizados máis abaixo no apartado 1.4.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	9.20	9.19	9.41	10.69	10.88	10.15

Fonte: IN06G

Nesta mesma liña, cómpre salientar que a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis ven sendo do 100% desde o curso 2018-19 (IN07G).

#### Evolución do número de estudantes de novo ingreso

A principal evidencia de que o título mantén o interese académico descrito na memoria de verificación é o número de alumnos matriculados. A matrícula de novo ingreso por preinscrición foi de 49 alumnos en 2022-2023. Con relación aos dous cursos previos, tense producido un lixeiro descenso na matrícula dos preinscritos: 61 no curso 2020-21 e 57 no curso 2021-22. En calquera caso, coa suma do alumnado que traslada expediente ou accede por validación parcial (datos de matrícula de acceso), a cifra de matrícula de novo ingreso alcanza os 51 estudantes, superior ao de prazas ofertadas (50).

No que afecta ao alumnado novo, cómpre ter en conta que, en condicións normais, numerosos estudantes *Erasmus* e doutros programas de mobilidade se incorporan a materias do GLE, nomeadamente ás do Maior, como se indica máis abaixo no apartado 1.4 (epígrafe *Procedencia xeográfica*). A porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados está subindo nos últimos dous cursos, aínda que non acada as cifras prepandemia: a diferenza porcentual pasou dun 8.66 no curso 2020-21 a un 23.85 no 2021-22 e a un 31.72 no curso 2022-23.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

### Captación de alumnado

O GLE presenta datos estables de matrícula estables, aínda que no curso 2022-23 se constata un lixeiro descenso nas taxas de ocupación. A relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas, que alcanzara unha excelente taxa do 112% no curso 2020-21 no campus de Santiago, amosou un lixeiro retroceso no curso 2021-22 (104%), que tamén se produciu no curso 2022-23: 78%.

Esta mesma curva descendente é constatada na taxa de ocupación —número de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas—. Esta taxa acadara no curso 2020-21 a porcentaxe do 122%, o valor o valor máis alto dos últimos cinco cursos. No curso 2021-22 o valor foi do 114% e no curso 2022-23 do 98%. Haberá que comprobar se este descenso é conxuntural ou obedece a outras causas.

Hai que subliñar que nos últimos cursos continuaron, e mesmo medraron, as accións de políticas activas de información previa e captación de novos estudantes desenvolvidas pola Facultade de Filoloxía. Dentro do [Plan de Acción tutorial da Facultade](#), existe un *Plan de Captación*, que abrangue visitas de estudantes de ensino medio á Facultade dentro dos *Encontros na USC*, *Encontros virtuais na USC*, visitas de profesorado da Facultade aos institutos, dentro do programa *A Ponte*, con charlas temáticas. A estas únense as actividades de presentación que a USC vén executando, como a participación nas Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional e a distribución de material informativo durante as PAAU e nos institutos (*vid.* §. 5.1).

Asemade, a información pública da [web da Facultade de Filoloxía](#), renovada desde o ano 2020 e actualizada periodicamente, incorpora vídeos explicativos sobre a Facultade, a estrutura dos graos e os coñecementos e competencias asociados, así como vídeos sobre os contidos de materias concretas impartidas no centro.

### Perfil de egreso: satisfacción dos egresados e inserción laboral

O perfil maioritario dos nosos titulados continúa a ser o docente, ben no ámbito do ensino secundario, ben no do ensino de Español Lingua Estranxeira (ELE). No primeiro caso é necesario realizar unha formación posgraduada específica e, no segundo, é moi recomendable complementar os estudos de Grao cun mestrado específico. Son tamén ocupacións laborais regulares a educación permanente e o ensino de adultos, así como a docencia de Lingua, Literatura e Cultura españolas en centros e universidades estranxeiras. Outros perfís profesionais están ligados (i) co mundo editorial e coa prensa —edición de textos, crítica literaria e textual, produción editorial, corrección literaria ou de probas, asesoramento, tradución, redacción e colaboración en medios de comunicación etc.—, (ii) as industrias da lingua, particularmente no ámbito das novas tecnoloxías, como a mediación lingüística —intercultural, empresarial, interprofesional—, o asesoramento lingüístico, peritaxe xudicial en lingüística forense, intervención e avaliación das patoloxías da linguaxe, xestión cultural e artística ou planificación lingüística.

En canto á **inserción laboral**, desde o curso 2017-18 vense constatando unha recuperación na oferta pública de emprego, nos postos asociados ao ensino. Malia que esta recuperación parecera truncarse ao inicio do 2020, a situación xerada pola pandemia de COVID-19 obrigou a incorporar novos docentes. No ano 2021 volveron organizarse oposicións no sistema de ensino público, cunha ampla oferta no ano 2021. No ano 2022 esta oferta descendeu polo proceso de estabilización de interinos, e parece recuperarse lixeiramente no ano 2023. O ensino público veu sendo tradicionalmente a principal vía de inserción laboral dos nosos egresados, o que está en liña cos resultados das enquisas realizadas entre o alumnado do GLE, nas que a docencia era unha das opcións laborais mellor valoradas. No § 7.3 analízanse os datos dispoñibles da inserción laboral dos titulados no curso 2014-15.

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos, de disciplinas e de materias responde ás directrices esbozadas na memoria de verificación. No curso 2022-23 houbo varias reunións entre os colectivos implicados para estudar modificacións non substanciais do título de GLLE, relativas a retoques nos descritores de materias básicas e de materias do Maior para actualizalos, así como un cambio nunha materia do módulo de *Historia da lingua española*, que implicou unha redistribución de materias en cuatrimestres. Ningún destes cambios implicaba modificacións dos resultados de aprendizaxe, nin das competencias do título, nin dos obxectivos formativos dos módulos correspondentes. Estas propostas foron aprobadas pola CA do GLLE do 17.11.2023 e na sesión da Comisión de Calidade do centro do 21.11.2023. Unha vez remitido o informe coa solicitude de modificacións correspondente á ACSUG, foi recibido informe favorable desta axencia con data 04.04.2024. O calendario de modificacións non substanciais do título foi aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía na sesión do 02.05.2024.

Por outra banda, no curso 2023-24 foi constituído un Grupo de Traballo para estudar unha eventual reforma de aspectos substanciais dos planos de estudo da Facultade. Neste grupo están representadas tódalas áreas de coñecemento da Facultade e representantes do alumnado, así como o Decano, a Vicedecana de Calidade e a Xestora do Centro.

Polo que atinxe ás actividades e metodoloxías docentes, así como aos sistemas de avaliación e cualificación, descritos nas guías docentes das materias, son revisados anualmente polos coordinadores de área e pola Comisión do título, coa fin de garantir que o alumnado adquiera as competencias establecidas.

O número de profesores por estudante e a distribución de alumnas e alumnos por grupos de docencia expositiva e interactiva son coherentes co establecido no proxecto de implantación e cos criterios xerais da USC: garanten un desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos establecidos na memoria de verificación do título. Porén, a redución de persoal docente ten provocado un incremento do promedio de estudantes en grupos expositivos e interactivos, ata situarse no campus de Santiago 5 puntos por riba da media da USC, como se comentou no IRA 2022-23 (CRITERIO 4: Recursos humanos).

Desde 2018 está publicada na web da Facultade de Filoloxía a [composición das comisións dos títulos de Grao e da Comisión de Calidade](#). Os acordos das comisións están accesibles aos membros da comunidade na intranet da páxina web, e no caso da CAGLLE tamén na lapela Arquivos do grupo de Teams correspondente.

### Consecución de competencias

Os indicadores de resultados do título (§ 7.1) poden interpretarse como evidencia aproximada da medida na que se acadan os obxectivos e as competencias descritos na memoria de verificación. Destácanse aquí, extraído do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, tres aspectos relacionados coa adquisición de competencias xerais e específicas previstas tanto na memoria inicial coma nos propios programas das materias:

1) *O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase*, cunha valoración media moi positiva no curso 2022-2023 de 4.23 nun baremo de 1 a 5 (a media no campus de Santiago fora de 3,99 no curso 2021-22).

2) *O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia*: 4.07 no curso 2022-23 (3.98 no curso previo).

3) *O/a docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma*: 4.00 nos dous últimos cursos. Lamentablemente, as porcentaxes de participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida son moi baixas e mesmo teñen unha preocupante e desalentadora curva descendente (23,26% no curso 2021-22 e **17.38% no curso 2022-23**), pese ás accións de mellora levadas a cabo, con inclusión de reunións presencias con estudantes no curso 2022-23 e co incremento de participación dos estudantes nos órganos do SGC.

### Participación do alumnado en programas de mobilidade

O título de GLLE é máis receptor que exportador de estudantes. Por iso, a mobilidade saínte do GLLE adoita ser discreta,

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

pola orientación dos graos en Lingua e Literatura españolas das universidades estranxeiras, centrada na adquisición de competencias comunicativas. No curso 2022-23 foi de 13 estudantes e de 12 no curso 23-24.

A valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes **saíntes** cos programas de mobilidade rexistra un descenso acusado con respecto aos dous cursos precedentes, segundo o IN15G: mentres que no curso 2020-21 foi de **4.51** e no 2021-22 foi de **4.67**, no curso analizado neste informe, o 2022-23, descendeu a **3.33**. Dado que a enquisa propia da Facultade proporciona datos globais da mobilidade no centro, carecemos de información concreta sobre os motivos deste descenso na valoración, pero é posible que teñan que ver cos aspectos que, en conversas presenciais, os estudantes consideran que deben mellorar: a) o importe da axuda económica, que non é suficiente para os gastos da estadia; b) a oferta de aloxamento; c) a información previa.

En canto á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, continúa a senda de recuperación xa iniciada no curso 2021-22, alcanzando a porcentaxe de 31.72%. Con todo, a melloría constatada non chega ás porcentaxes do período prepandemia (no curso 2017-18 fora de 66.18%). Un factor adicional ao da pandemia pode ser o descenso de estudantes asiáticos de intercambio, probablemente motivado por causas externas á oferta docente das universidades.

Para o curso 2022-23 non temos datos referidos á satisfacción dos estudantes **entrantes** cos programas de mobilidade, que no curso 2021-22 alcanzaba unha valoración de 4,20 puntos sobre 5.

En canto á enquisa que realiza a Facultade a este alumnado, responderon 11 alumnos Erasmus e 1 SICUE, pero ao non estar desagregadas as respostas por títulos non é posible presentar datos concretos sobre o GLE. Polos datos de resposta á pregunta referida ao nivel de coñecemento de linguas unha vez finalizada a estadia (nº 11), a percepción maioritaria é que o seu nivel de español mellorou bastante ou moito. Canto ao sentimento predominante en relación coa experiencia na USC (pregunta 37), a percepción maioritaria é satisfactoria (9 respostas) ou moi satisfactoria (1 resposta).

### **1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Abordar da maneira máis eficiente posible a coordinación de grupos docentes e de cada curso é un reto ineludible e un eixe prioritario de actuación, tanto desde a Comisión do Título como desde a Comisión de Calidade do centro. Coa extinción do grupo no campus de Lugo, deixa de ser relevante a reflexión sobre a coordinación intercampus.

### **Coordinación**

Os obxectivos principais dos diferentes niveis de coordinación son: (i) evitar a non reiteración de contidos en materias diferentes, aspecto que xustifica algunhas das modificacións non substanciais de descritores de materias, solicitadas e aprobadas no curso 2023-24; (ii) procurar que non existan lagoas importantes nos coñecementos adquiridos polos titulados; (iii) intentar que exista proporcionalidade entre o traballo que se esixe ao alumnado e os créditos atribuídos ás materias, de xeito que non haxa unha acumulación excesiva de actividades nuns determinados momentos do calendario. En xeral, cada materia dispón dunha figura docente para a coordinación, sobre quen recae, en primeira instancia, a tarefa de garantir a uniformidade dos obxectivos, os contidos, e os criterios e procedementos de avaliación das competencias do



## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

alumnado. Esta tarefa de coordinación, que implica a celebración de sesións de traballo e frecuentes comunicacións entre os profesores implicados durante o curso, complementábase con outros controis sobre a programación docente, realizados polos tres coordinadores de área do departamento máis ligado ao título (*Lingua española, Literatura española, Teoría da literatura e literatura comparada e Lingüística xeral*), pola coordinación do título e pola Comisión do GLE.

Tamén favorece a coordinación docente cando existe máis dun grupo da mesma materia o feito de que os cursos virtuais das materias son compartidos. Desde a sesión da CA do GLE do 07.03.2018 decidiuse nomear coordinadores de cursos por título. O acordo consistiu en repartir a coordinación dos catro cursos do GLE entre as catro áreas máis vinculadas ao título.

Na Comisión académica do GLE, así como nas dos restantes graos da Facultade, foi aprobado, con data 23.09.2022, un [Protocolo de coordinación de graos](#), que recolle as funcións dos coordinadores de materia, de curso e de mención, así como de grado, co obxectivo de facilitar a interlocución entre alumnado e profesorado.

Na Enquisa de satisfacción do profesorado do GLE coa docencia impartida, o ítem “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é axeitada” acadou un valor medio de 3.89 no curso 2022-23, próximo ao do curso previo: 3.67.

A coordinación das materias dos graos da Facultade de Filoloxía da USC debe ser contemplada no marco dunha estrutura modular compartida que fai que moitas materias sexan ofertadas en varios títulos. Este aspecto, que o alumnado adoita percibir como positivo, dificulta aspectos organizativos, como os horarios, así como a concentración en períodos específicos de varias probas de avaliación. Estas características esixen flexibilidade do profesorado para resolver eventuais acumulacións de tarefas ao longo do curso.

### Prácticas externas

Desde a súa implantación na Facultade de Filoloxía (curso 201-14), un pequeno grupo de estudantes elixe cada curso facer prácticas externas (que se recoñecen con 6 créditos no módulo optativo). Os resultados son positivos: no curso 2022-23 **triplicou a porcentaxe de estudantes** egresados que, ao longo dos seus estudos, realizou as prácticas en empresas e institucións, pasando dun 6.98 no curso 2021-22 a un **18.60** no curso 2022-23 (cf. IN22G).

No curso ao que corresponde este informe de seguimento, 2022-23, 9 estudantes realizaron as prácticas, que foron desenvolvidas na *Cátedra de Cultura Cubana-Alejo Carpentier, CITIUS, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Textinova Global Content, Hércules Edicións, Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC, AVTE-Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento, Minervas Voice*. O alumnado implicado obtivo boas cualificacións. Non temos datos no curso 2022-23 sobre a satisfacción do alumnado, pero si os temos dos títolos profesionais (taxa de participación 66,67%), que valoraron con 4.39 (sobre 5) o traballo dos estudantes, valoración algo inferior ao do curso previo, que fora de 5 puntos (INF. 07). O ítem que recibiu peor valoración (3.93) foi o referido ás “competencias profesionais previas” do alumnado participante en relación coas necesidades da empresa. En canto á satisfacción dos títolos académicos (INF.08) foi elevada: 4.7 sobre 5 no curso 2022-23.

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria verificada do título non contempla unha formación específica previa, pero si a recomendación de que os estudantes teñan cursado a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais no Bacharelato. Tamén se apunta a conveniencia de posuír outras aptitudes, como curiosidade intelectual, hábito lector, sensibilidade estética, capacidade analítica e crítica, competencia en expresión oral e escrita. O feito de contar cunha matrícula vocacional e cunha nota media arredor de Notable outorga coherencia ás calidades do perfil do alumnado matriculado no GLE.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

Os datos de matrícula global no GLE dos últimos catro cursos académicos indican que o título conserva o seu atractivo para o alumnado, xa que as cifras de matrícula oscilan arredor de 230 estudantes:

2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>229.00</b>	<b>231.00</b>	<b>239.00</b>	<b>227.00</b>

Fonte: IN02G

### Perfil real de ingreso

Datos da CiUG relativos ao curso 2021-2022 sobre a **ensinanza de acceso**:

- 96% da matrícula procede do Bacharelato e 4% de Formación Profesional.
- Das **212** solicitudes rexistradas, procedentes do Bacharelato, foron admitidos 66 e formalizaron a matrícula 49.
- Tamén se rexistraron 4 preinscricións de alumnos procedentes de Formación Profesional, dos que foron admitidos 3 e formalizaron a matrícula 2.

A pertinencia do título e o atractivo que presenta para alumnos cun bo expediente académico queda patente no feito de que a **nota media de acceso** ao GLE estivo no curso 2022-2023 en 10,15, lixeiramente inferior á da dous cursos previos: 10.88 no curso 2021-22 e 10.69 no curso 2020-21.

A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación **igual ou superior a seis** en 2022 ven sendo do 100,00% ininterrompidamente desde o curso 2018-19.

Como en cursos anteriores, a orde de **preferencia** na matrícula revela o carácter vocacional dos estudos do GLE: 56 alumnos elixirono en primeira opción, dos que se matricularon 40 (81,6%). Outros 46 alumnos escolleron o GLE en segunda opción, con 4 matriculados; 45 en terceira con dous matriculados, 28 en cuarta, 23 en quinta con 1 matriculado, etc. Estas taxas mantéñense relativamente constantes ao longo dos cursos académicos.

Como xa se indicou no § 1.1, con respecto aos dous cursos anteriores, produciuse un descenso na proporción de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas: foi do 78.00% no curso 2022-23, fronte ao 104.00% no curso 2021-22 e ao 112% no curso 2020-21.

Ao respecto da **procedencia xeográfica**, os estudantes foron en 2020-2021 case na súa totalidade españois: 48 galegos e 1 doutras comunidades autónomas. Non houbo matrícula de ningún estudante estranxeiro.

O título recibe poucos estudantes nacionais de fóra de Galicia. A porcentaxe de estudantes nacionais sobre matriculados (sen contabilizar os de mobilidade *incoming*) oscila segundo os cursos. Os datos do indicador IN09G están na seguinte táboa:

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	<b>3.40</b>	<b>4.21</b>	<b>3.49</b>	<b>2.60</b>	<b>1.67</b>	<b>2.20</b>

O título recibe poucos estudantes estranxeiros (sen incluír os matriculados en programas de mobilidade *incoming*), como se desprende dos datos do indicador ING08G:

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	<b>1.46</b>	<b>1.40</b>	<b>2.18</b>	<b>1.30</b>	<b>1.26</b>	<b>1.76</b>

Como xa se adiantou no apartado 1.1. e hai que subliñar sempre neste punto, en condicións académicas normais, o GLE posúe, dende a súa implantación, un marcado carácter de título de acollida de estudantes procedentes de distintos

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

programas de mobilidade desde o estranxeiro e, en menor medida, desde outras comunidades españolas. Esta peculiaridade é debida á natureza do título, de especialización en lingua e literatura españolas.

### Resultados das enquisas realizadas entre alumnos de novo ingreso no GLE

A distribución dunha enquisa durante a xornada de benvida aos alumnos de novo ingreso do grao é práctica usual na Facultade de Filoloxía desde o curso 2014-15. No curso 2022-2023 participaron 264 alumnos (a recollida dos datos fíxose de forma virtual). Destes estudantes, 49 (o 18.6%) estaban matriculados no GLE. O 84% dos enquisados en conxunto elixira o seu título como primeira opción de matrícula, taxa que confirma que a decisión segue a ter un compoñente vocacional moi importante. Desafortunadamente, non dispoñemos de datos diferenciados que dean conta das opcións escollidas polos alumnos do GLE, malia que en cursos anteriores os resultados a nivel de GLE e ao nivel da Facultade de Filoloxía foron bastante similares.

De maneira similar que nos anos anteriores, o interese polas linguas e a lingüística acaprou o 55% das respostas globais á consulta sobre o motivo da elección, sendo esta a porcentaxe máis alta. A continuación situáronse a afección á literatura (45%) e o desexo de aprender o idioma (47%), aspecto que non parece pertinente no caso do GLE. O carácter vocacional dos estudos tamén se obtén indirectamente da porcentaxe máis baixa que recibe a opción sobre posibilidades de emprego (marcada por un 18% dos participantes).

A nivel xeral, a meirande parte dos estudantes souberon da Facultade de Filoloxía a través da web da Facultade (36%), dun/unha profesor/a do instituto (31%), dun/dunha estudante da Facultade (20%), dun/unha orientador/a do instituto (13%). Outras opcións menos sinaladas foron as seguintes: redes sociais (15%), folletos da Facultade distribuídos nos institutos (7%), a campaña da Facultade nas probas ABAU (7%), unha visita á Facultade co instituto (5%), unha charla dun/dunha profesora da Facultade no seu instituto (5%).

Unha porcentaxe alta de alumnos (60%) aínda non coñecían a opción que ofrece a Facultade de obter dous títulos de grao en 5 anos e medio ou 6; diante desa posibilidade, amosaron o seu interese en cursar, como segundo grao, Lingua e Literatura Españolas no 19% dos casos, Lingua e Literatura Inglesas no 22%, Lingua e Literatura Modernas (Mención en francés) no 16%, Lingua e Literatura Modernas (Mención en italiano) no 15% e Lingua e Literatura Galegas no 12%.

En canto ao tipo de actividade laboral que lles gustaría realizar unha vez rematada a carreira, o 62% sinala a docencia en linguas e literaturas no ensino secundario, o 16% a docencia en Escolas oficiais de idiomas, o 23% a docencia na Universidade, o 40% a tradución e o 23% o traballo na industria editorial, o 19% o ensino de linguas a falantes non nativos, o 19% a investigación lingüística e/ou literaria, todas porcentaxes superiores ao 10%. Con lixeiras oscilacións, estas cifras son similares as obtidas en anos anteriores.

### Resumo

O alumnado que accede ao título faíno maioritariamente por vocación, como se deduce tanto dos datos de matrícula como dos resultados das enquisas realizadas entre alumnos que acceden ao GLE por vez primeira. Trátase de estudantes procedentes sobre todo do Bacharelato e con boas cualificacións nas PAAU, con afección pola literatura e interesados polo estudo das linguas e a lingüística. Por outra banda, as materias de Lingua e Literatura do GLE atópanse entre as máis demandadas polo alumnado entrante a través de programas de mobilidade.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Tanto as normativas xerais da USC, como as específicas da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada no GLE no curso 2022-23. Estas normativas están accesibles na páxina web: a) a destinada a [alumnado](#); b) a normativa de [organización docente](#); c) a da [Facultade de Filoloxía](#).

Estas normativas tiveron un impacto positivo nos resultados do título, a xulgar polos datos relacionados cos resultados que se comentan máis abaixo nos apartados 7.1. e 7.2.

Durante o curso 2022-2023 aprobáronse ou modificáronse as seguintes normativas:

1. Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC. Aprobado en Consello de Goberno do 28.10.2023.
2. Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado universitario na USC. Aprobado en Consello de Goberno do 23.02. 2023.
3. Modificación do Regulamento de Planificación Académica. Aprobado en Consello de Goberno do 23.02.2023.
4. Actualización do cadro de competencias lingüísticas adquiridas polo alumnado de titulacións de grao da USC (recoñecemento do nivel de lingua estranxeira nos graos da USC). Resolución reitoral do 02/03/2023, que anula a anterior de 5.06.2015.
5. Regulamento polo que se establecen as normas de convivencia na USC. Aprobado en Consello de Goberno do 30.03.2023.

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

A información xeral da Universidade, así como a específica do Grao, é suficiente e relevante, e está accesible para todos os grupos de interese coa oportuna actualización a través da [web da Facultade de Filoloxía](#) e mais a da USC.

A información da titulación está recollida en galego, castelán e inglés. Como resultado do proceso de renovación da acreditación, despois do Informe provisional de Acreditación do título de data 07.11.2023, foi incluída a AM-3 (PMA 2023-24): "Actualizar a versión inglesa da información sobre o título" para atender a unha das recomendacións do informe. Como se indica na comprobación da AM correspondente (§ 3.3) foron comparados os textos da páxina web do título en castelán e inglés para identificar grallas e erros de tradución. Considerouse necesaria unha revisión profunda da versión inglesa, polo que se solicitou ao Decano a contratación dun tradutor para revisar tódolos textos dos graos da Facultade.

Toda a información sobre o grao en GLE (plano de estudos, programas das materias, profesorado, horarios, oferta e admisión, etc.) está completa e actualizada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-espanolas>

Os resultados acadados pódense consultar no enlace sobre Indicadores do título: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/calidad/indicadores/grao-lengua-literatura-espanolas-santiago>.

Ademais de internet, empréganse outros medios para difundir a oferta académica e outros aspectos relativos ás titulacións da Facultade de Filoloxía: redes sociais (X), paneis informativos, pantallas informativas nos espazos da Facultade, accións de difusión da información entre colectivos externos á Facultade (marcapáxinas), sesións informativas de orientación ao alumnado sobre mobilidade, prácticas externas, elección de itinerarios, elaboración do TFG, oferta de máster, etc.

### Valoración da información nas enquisas ao alumnado

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación foi cuberta en conxunto polo 8,80% do alumnado, unha participación moi escasa e que representa un lixeiro incremento fronte ao curso anterior, cando descendera ao 3,03%, como se observa na seguinte táboa, que proporciona tamén as medias da valoración global. O ítem sobre satisfacción co título obtén un 3.44 (sobre 5) no curso 2022-23.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Valoración global	3.20	3.13	3.38	3.43
Participación	8.23%	3.66%	3.03%	8.80%

Fonte: INF22

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

A baixa participación nas enquisas é unha constante ao nivel da Facultade, o que determina aos coordinadores dos programas a prestar especial atención a este aspecto na comunicación co alumnado.

Nos resultados dispoñibles a propósito da organización administrativa e dos recursos educativos, as facilidades proporcionadas polo campus virtual para as xestións académicas, a valoración é boa ou moi boa (3.63, 3.79 e 4.37 puntos, respectivamente, nunha escala de 1 a 5); estes son, de feito, os resultados máis altos rexistrados na enquisa do curso 2022-2023. Máis baixos son os valores referentes á distribución da carga de traballo (2.74), ao atractivo da oferta de prácticas (2.58), ao calendario de probas de avaliación (3.00) e aos horarios (3.11).

Son valorados por riba da media da escala os seguintes aspectos: a atención prestada polo PAS (3.89), as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (3.74), os trámites de matriculación (3.63), a organización do título (3.53) e o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos (3.53).

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O SGC está composto polas Comisións académicas de cada título, pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía. Existe, ademais, un Comité consultivo do Centro. Tanto as funcións como a composición das comisións están accesibles a través do seguinte enlace: <https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-filoloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>

Os acordos da Comisión de calidade están accesibles na web pública (<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-filoloxia/acordos-comision-calidade>) e os das Comisións de título na intranet da Facultade. Estas comisións levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento da mellora do título.

A información recibida desde a [Área de Calidade e Mellora dos Procedementos](#) da USC, é complementada curso a curso, no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese e ao perfil de ingreso do alumnado, con catro enquisas propias da Facultade de Filoloxía:

- a) Enquisas aos estudantes Erasmus e Sicue (mobilidade entrante)
- b) Enquisas aos estudantes Erasmus (mobilidade saínte)
- c) Enquisa a estudantes de novo ingreso, solicitada na sesión de benvinda ao inicio do curso.
- d) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG. Esta enquisa é recollida nos actos posteriores á defensa do TFG que forman parte dunha actividade denomina *Encontros TFG estudantado*, na que participan coordinadores e membros do equipo decanal. Para estudantes matriculados no curso 2022-23 os estudantes do GLE foron convocados os días 23 de xuño, 12 e 13 de xullo, 11 de setembro. Lamentablemente, é baixa a porcentaxe de estudantes que son convocados e que asisten (dos 11 convocados na sesión do 13 de xullo do GLE, só asistiron 4. Este resultado non se compadece co esforzo que fai a Facultade, que convida aos estudantes a uns petiscos e que lles regala o libro editado no curso correspondente do programa *Converxencias*.

O esforzo continuo que se fai desde a Facultade e desde a Coordinación do Título para contribuír a un aumento na participación nas enquisas que se distribúen desde a ACMP continuou no curso 2022-23, aínda que con escaso éxito.

O centro procura contribuír a un aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreiros, así como mensaxes de correo electrónico á lista de distribución do profesorado. Desde a Coordinación do título empregouse o Campus virtual para difundir puntualmente información e documentos a profesorado e alumnado implicado no GLE a través das aulas de coordinación.

Unha medida de recente implantación para tratar de mellorar a resposta do alumnado ás enquisas consiste no envío

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

por parte do Centro de Datos e Procesos da USC dunha mensaxe de correo ao profesorado no que se proporciona unha ligazón para monitorizar en tempo real o número de respostas as enquisas de valoración, coa fin de informar directamente ao alumnado e animalos a colaborar.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse na súa totalidade consonte o establecido no SGIC e a normativa correspondente.

No curso 2022-2023 recibíronse na Facultade 9 recursos e unha queixa/suxesión a través da Oficina de Análise de Reclamacións, ningún deles referido a materias do GLE.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O seguimento do título levouse a cabo consonte ao calendario establecido pola USC. Os informes de seguimento dos cursos 2016-17, 17-18, 18-19, 19-20, 20-21 foron elaborados entre os meses de outubro-marzo e a aprobados nas comisións correspondentes así como en Xunta de Facultade. Con data 02.03.2023 a ACSUG emitiu “Informe provisional de seguimento”, ao que non se presentaron alegacións, por considerar que as suxestións contidas no informe podían ser incorporadas como Accións de Mellora no IRA en proceso de redacción.

No curso 2022-23 foi elaborado o Informe de renovación da acreditación (IRA 2022-23), aprobado pola Comisión do Título o día 09.05.2023 e pola Comisión de Calidade do Centro o día 11 de maio de 2023. A visita externa da Subcomisión de Avaliación para a renovación da acreditación tivo lugar entre os días 21 e 22 de xuño de 2023. Nos días previos contactouse con estudantes matriculados no GLE —non integrantes da Comisión académica—, con profesorado do título e con estudantes egresados. Ademais dos membros da CA do GLE, participaron nas sesións 7 estudantes do GLE, 4 profesores das áreas de Lingua española e Literatura española e 3 egresados (as sesións para egresados e profesores foron comúns para o GLE, GLLG, e Filoloxía clásica, o que supuxo unha redución da representación). A impresión global da visita externa foi moi positiva. O informe provisional de acreditación foi favorable (07.11.2023), con algunhas recomendacións de mellora, polo que non se presentaron alegacións. Na sesión do día 17.11.2023, a Comisión académica do GLE aprobou o Plan de Mellora do GLE elaborado tras a recepción do IRA provisional así como as propostas de modificacións non substanciais da memoria do GLE.

O Informe de renovación de acreditación e a Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2022-23, así como os informes de seguimento anteriores son públicos e están dispoñibles no apartado [Documentación do SGC](#) da páxina web da Facultade, o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

#### **Accións de análise e revisión**

A análise dos resultados do título e a toma de decisión para a mellora son realizados de forma sistemática, seguindo as pautas establecidas no *Manual* do SGIC, por parte da Comisión de Títulos de Grao, que analiza anualmente os resultados e elabora un informe de seguimento e propostas de accións de mellora. Tanto os IS como os plans de mellora son sometidos á aprobación da Comisión de Calidade do Centro, para revisión e eventuais suxestións. Finalmente, son aprobados pola Xunta de Facultade e, posteriormente, elevados á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). No seguimento anual son analizados, ademais do desenvolvemento e dos



## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

resultados do título, a execución e a eficacia das accións de mellora propostas no exercicio anterior, así como as eventuais recomendacións derivadas dos procesos de avaliación externos.

### Seguimento das melloras do título

No IRA do curso 2022-23 foron detalladamente analizadas as AM dos seis cursos previos (páxs. 26-30 do IRA 2022-23). Neste IS cómpre examinar as AM propostas no mesmo IRA así como as derivadas do Plan de Melloras propostas despois da recepción do Informe provisional de acreditación.

#### IRA 2022-23

**AM-01:** Incentivar a realización de prácticas externas. Mellorar os resultados do indicador IN22G: porcentaxe de alumnos/as que realizan prácticas. Esta acción levaba asociada dúas tarefas, a primeira sobre ampliación da oferta, que efectivamente se produciu, como se indica na Comprobación ao final deste informe, e a segunda sobre actividades de información. Como xa se indicou no § 1.3, esta acción obtivo resultados positivos, xa que foi triplicada a porcentaxe de estudantes egresados que, ao longo dos seus estudos, realizaron prácticas: un 18.60% no curso 2022-23 (IN22G).

**AM-02:** Favorecer a integración para a formación integral do alumnado desde unha visión responsable e comprometida coa sociedade (indicadores: enquisas de satisfacción, participación nas charlas). A tarefa prevista de colaboración co SEPIU foi levada a cabo o día 30 de abril de 2024, coa participación do coordinador do SEPIU. A información sobre esta actividade foi enviada como mensaxe do Foro do curso virtual de coordinación.

**AM-03:** Mellorar a información que reciben os estudantes sobre os programas de mobilidade. O curso de coordinación ten unha páxina informativa para recomendar que se dirixan as consultas sobre equivalencias de materias aos coordinadores de intercambio e a coordinación do GLE. Varias consultas deste tipo foron resoltas polo correo-web ao longo do curso 2023-24. Dado o reducido número de estudantes do GLE que participou nestes programas no curso 2023-24, é preciso dar continuidade a esta acción e planificar novas tarefas. Un dos aspectos que parece provocar máis problemas é o relativo á información sobre validacións de materias, que non é susceptible de unificación por depender da oferta de estudos das universidades receptoras.

**AM-04:** Incentivar a participación do alumnado e do profesorado nas Enquisas de satisfacción, especialmente das referidas á satisfacción co título. Pese as recomendacións verbais realizadas polo equipo decanal e pola coordinación do grao nas sesións presenciais co alumnado, do texto que se lles amosou na sesión de benvida e na sesión explicativa de TFG sobre o papel das enquisas nos procesos de calidade, a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción foi moi baixa. É preciso programar unha acción de mellora neste sentido con novas tarefas no IS actual.

**AM-05:** Mellorar a coordinación entre os docentes do título. A primeira tarefa consiste en obter datos dos estudantes sobre eventuais problemas na coordinación mediante consultas directas realizadas polos coordinadores de curso e pola coordinación de grao. Nas conversas mantidas cos estudantes e na reunión cos dous representantes do alumnado na CA do GLE (17.04.24) non foron mencionados problemas concretos de coordinación. A segunda tarefa consistía en programar dúas reunións co profesorado do grao. A primeira celebrouse o día 12.07.2023 e nela foron informados de diferentes aspectos do desenvolvemento do GLE, incidindo nos resultados das reunións con estudantes celebradas o curso 2022-23, na carga de traballo das materias, na necesidade de cubrir as enquisas de satisfacción e nas melloras da coordinación.

**AM-06:** Mellorar a información e o seguimento da materia TFG de cara á mellorar a taxa de graduación. As sesións informativas sobre TFG foron celebradas os días 21.09.2022 e 28.09.2023. Os representantes do alumnado non consideraron precisa unha sesión explicativa extra, tal como esta previsto na tarefa 1 desta acción. O curso virtual ten un bloque informativo sobre diferentes aspectos do TFG (tarefa 2). Estas accións, xunto coas levadas a cabo pola Facultade, parecen estar dando resultados positivos, xa que a taxa de graduación acadou certa melloría con respecto a cursos pasados: un 63.04% no curso 2022-23.

#### Plan de melloras da acreditación

**AM-01:** Tramitar durante o curso 2023-24, segundo os prazos establecidos a tal efecto pola USC, as modificacións na memoria do título necesarias para actualizala e mellorar a organización académica do título. Estas modificacións foron presentadas como non substanciais tras a aprobación dos órganos do SGC, como se indicou no § 1.2. Foron aprobadas pola CA do GLE do 17.11.2023 e pola Comisión de Calidade do centro do 21.11.2023 e remitido o

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

documento á ACSUG. O informe da ACSUG (4.04.2024) foi favorable.

**AM-02:** Elaborar un documento cunha breve lista de preguntas sobre aspectos esenciais do título para dirixir aos grupos de interese nas reunións respectivas (profesorado e alumnado), coa fin de asegurar a obtención de información comparable dun curso a outro. Está en proceso de elaboración para que poida ser empregado nos meses de xuño e xullo de 2024, ou no inicio do curso 2024-25.

**AM-03:** Actualizar a versión inglesa da información sobre o título. Está en fase de revisión os textos da páxina web dos títulos da Facultade.

As AM programadas constitúen unha evidencia clara de que o título posúe unha vocación de mellora permanente, que implica a análise de resultados e a implantación de accións encamiñadas a mellorar a súa eficacia en diferentes facetas e ámbitos.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade da USC, modificado desde o 22.02.2018, dispón dun breve manual xeral e outro para os centros, onde se explican detalladamente o alcance, a estrutura e os aspectos esenciais do seu funcionamento. Foron creados 8 procesos a nivel institucional e foron especificados 13 a nivel de centro.

Na Facultade de Filoxía os traballos de revisión e mellora dos documentos do SGC foron realizados nos cursos 2018-19 e 2019-20, por unha banda, e durante o curso 2021-22, por outra. Están operativos dous manuais:

1) *Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoxía*, adaptado ao novo SGC do 2018. Foron suprimidos procesos e procedementos obsoletos y foron adaptados os procesos ás características do centro. En 2022 foron modificados dous indicadores propios da Facultade y foi actualizado o mapa de procesos.

2) *Manual do Proceso da Facultade de Filoxía*. Modificado dúas veces para adecualo ás modificacións introducidas no Manual.

Estas modificacións foron aprobadas polos órganos competentes da Facultade o 27.02.2020 e o 07.07.2020, respectivamente. Ambos manuais están publicados e son accesibles na páxina web da Facultade, no apartado [Documentación do SGC](#).

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisárase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **Cualificación do profesorado**

No referente á cualificación do profesorado, no curso 2022-2023 houbo poucos cambios respecto ao informe do curso anterior. A porcentaxe de **PDI doutor** que impartiu docencia no título foi do 87,04%, un valor que lixeiramente superior ao do curso previo (2021-22: 85.84%). A taxa de **PDI funcionario** con docencia no GLE (69,44%) aproxímase ao limiar do 70%, aínda lonxe da porcentaxe acadada no curso 2017-18, que fora de 74.53%. Estes datos indican que, polo de agora, non se ten compensado a perda de capital humano producido no período 2017-2022.

Canto á **capacidade investigadora** do persoal docente do título, esta mantén boa saúde, con repercusión na calidade do ensino. Apréciase na existencia de numerosos grupos de investigación de referencia competitiva no seu ámbito, na captación de financiamento autonómico, nacional e internacional para proxectos e, tamén, no número de sexenios. A relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título foi no curso 2022-23 de 90.80. Como o factor tempo é unha compoñente inherente á acumulación de sexenios, as elevadas cifras apuntan a un progresivo envellecemento do cadro de PDI.

Por último, a **experiencia docente do PDI** do título continúa a ser moi ampla, xa que no curso 2021-22 o profesorado con docencia no GLE acumulaba un total de 190 tramos de docencia, o que supón unha media de 3,9 de quinquenios por docente. Non temos datos concretos para o curso 2022-23.

Na docencia das **materias de primeiro curso** interveñen profesores con ampla experiencia docente, particularmente catedráticos, titulares e contratados doutores. Hai dúas materias básicas de carácter transversal que son cursadas por tódolos estudantes da Facultade de Filoloxía, polo que existen varios grupos de docencia expositiva e interactiva. Isto explica que o número de profesores involucrados sexa alto e que participen na docencia tanto PDI funcionario como contratados (Juan de la Cierva, predoutorais e posdoctorais de diferentes programas, Ramón y Cajal). A presenza destas figuras contractuais revela a capacidade de captación de talento dos grupos de investigación e permite que persoal máis novo se inicie na docencia universitaria.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

A axeitada distribución de docencia en momentos determinantes para a obtención de resultados óptimos na aprendizaxe compróbase tamén na titorización de **Traballos de Fin de Grao**. Os 44 traballos defendidos no curso 2022-2023 foron tutelados por 7 catedráticos, así como por 7 titulares, aos que se sumaron 5 contratados doutores e un investigador posdoutoral.

En canto ás **prácticas externas** de estudantes do GLLE, no curso 2022-23 a titorización académica foi levada a cabo por 6 docentes co seguinte perfil: 2 catedráticos, 3 titulares e 1 investigador Ramón y Cajal.

### Distribución da docencia

A distribución da docencia é coherente co peso porcentual que corresponde ás distintas categorías docentes. O PDI funcionario asumiu no curso 2020-21 o 61% das horas de docencia do GLLE. Non temos datos para o curso 2022-23. Os valores medios de estudantes por grupos de docencia son axeitados e axústanse tanto ás previsións establecidas na memoria de verificación como á programación académica anual da USC. Os datos das medias de alumnos matriculados en materias de formación básica e obrigatorias por grupo de docencia expositiva, que sufrira un incremento desde o curso 2018-19, comeza a experimentar unha pequena baixa, como revela a táboa IN55G:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	<b>56.02</b>	<b>59.70</b>	<b>63.13</b>	<b>61.93</b>	<b>56.40</b>

Fonte: IN55G

As medias de alumnos matriculados en materias optativas por grupo expositivo son, loxicamente, menos elevadas, tendo en conta as características destas materias:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Total</b>	<b>33.95</b>	<b>32.42</b>	<b>32.70</b>	<b>35.55</b>	<b>34.64</b>

Fonte: IN56G

Canto aos grupos de docencia interactiva, no último quinquenio as medias están por riba dos estándares previstos para docencia interactiva de seminario, sendo 30 o limiar para a creación dun novo grupo interactivo de seminario. Como xa se fixo constar no IRA 2022-23, no último curso do que temos cifras, o 2021-22, a media de estudantes no GLLE en Santiago foi 5 puntos máis alta que o promedio da USC. As medias reflicten a presenza de alumnado procedente de programas de mobilidade entrante e, se cadra tamén, a redución de grupos por efecto de xubilacións nalgunhas áreas concretas.

### Programa de formación e innovación docente do profesorado da USC

A participación do PDI do GLLE nos plans de formación, que aumentara de forma significativa nos cursos 2019-20 e 2020-2021 por necesidade de adaptación á docencia non presencial, rexistra un descenso progresivo nos cursos 2021-22 e 2022-23:

2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-2022	2022-23
26.72	18.66	45.11	43.31	16.91	12.5

Fonte: I6-17 Facultade de Filoloxía

Os datos revelan que o interese na formación decae posiblemente a causa da prolongada experiencia docente do PDI do título. Porén, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, á pregunta de “Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia)”, o profesorado participante na enquisa responde favorablemente (puntuación con 4.23 sobre 5 esta cuestión).

Os datos de satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas están referidos a tódolos participantes nos

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

cursos de formación (INF 10), cunha taxa de participación do 39.81% (635 de 1595 convidados). As valoracións medias dos 9 ítems de valoración superan sempre os 4.4 puntos (sobre 5), o que indica que a valoración dos cursos de formación é moi favorable no conxunto do PDI participantes.

### Mobilidade docente, visitantes, actividades de difusión e investigadores en formación

A mobilidade docente do profesorado do GLLLE mellorou bastante nos dous últimos cursos con respecto aos cursos previos: non só descendera nos anos da pandemia senón que no dous primeiros cursos do sexenio analizado, as porcentaxes de participación foran baixas, como se observa na seguinte táboa:

2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-2022	2022-23
4,08	7,41	7,41	4,17	12,24	10,64

Fonte: I10. Porcentaxe de profesorado participante en programas de mobilidade

### Actividades de difusión celebradas na Facultade de Filoloxía durante o curso 2022-23, organizadas por grupos do Departamento de Lingua e Literatura española, Teoría da Literatura e Lingüística xeral.

A) Organizadas polo Grupo de *Gramática do español* (GI-1372) (<https://gramatica.usc.es/es/events>):

1. Seminario *Corpus, pragmática y discurso: problemas y propuestas*, coa intervención de Barbara de Cock (UCLouvain) y Pedro Gras (Amberes): 10.11. 2022.

2. Ciclo de conferencias *Conéctate a la lengua*

- 24.10.22: Elena Hernández Gómez, RAE: @RAEinforma #dudaRAE: *la norma al alcance del teclado*
- 16.11.22: Concepción Maldonado González (UCM): *Los diccionarios en el siglo XXI: ¿arqueología o ciencia ficción?*
- 28.11.22: Lola Pons Rodríguez: *Cambios léxicos en el castellano elaborado: el latín medieval desplaza al clásico.*

3. Seminario *Variación e ensino de linguas*. 20.03.2023. Barbara de Cock (UCLouvain): *Variación de registro en ELE: el caso de las metáforas* y Francisco Moreno Fernández (Univ. Heidelberg/UAH): *Varietades y enseñanza de lenguas.*

4. 10.05.2023. Seminario a cargo de Sophia Minnillo (Univ. California, Davis): «Yo conocé el fue muy malo pero yo amé el de todos modos»: *A corpus-based study of preterit-imperfect acquisition among L2 Spanish learners.*

B) Organizadas polo grupo de *Teoría da Literatura e Literatura comparada* (GI-1371).

1. *Pasaxes*. Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural. Seminario de Mabel Moraña (Washington University in Saint Louis): "Necropoéticas, necropolítica y los laberintos del género"; "Cuestiones migratorias. Des/re/territorializaciones, postnacionalismo y la dislocación del sujeto". Datás: 25.05.2023 e 05.06.2023.

2. I Simposio sobre memoria pública e posteridade literaria: Rosalía de Castro e Gustavo Adolfo Bécquer. 24 e 25.04.2023.

3. *Pasaxes*. Seminario de Sergio Blanco (dramaturgo e director teatral). Conferencia: "Mirada sensible y contemporaneidad". Seminario: "La autoficción: una ingeniería del yo" no marco do proxecto PERFORMA.

C) Organizadas polo grupo *Valle-Inclán-Givius* (GI-1374):

"Exposición Valle-Inclán íntimo". Colexio de Fonseca: inaugurada o 9.02.2023 e clausurada o 1.04.2023.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

D) Organizadas polo grupo *Calderón* (GI-1377):

1. Conferencia de Paula Gregores Pereira: “La polémica marinista a través de los comentarios al *Adone*: el *Occhiale* de Tommaso Stigliani y la *Difesa dell’Adone* de Girolamo Aleandro”, no Congreso Internacional «*II Jornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura*» organizado polo Programa de doutoramento *Estudos da Literatura e da Cultura* do 27 ao 28 de marzo de 2023. Facultade de Filoloxía USC.

2. Conferencia de Paula Gregores Pereira: “La figura di Lope de Vega nelle polemiche letterarie italo-spagnole della seconda metà del Settecento”, no Congreso Internacional «*Diplomazia e comunicazione letteraria tra Spagna, Portogallo e Italia (1690-1815)*», celebrado entre do 11 ao 12 de maio de 2023, na Facultade de Filoloxía.

E) Organizadas polo grupo *O século de Quevedo: prosa e poesía lírica* (GI-1373)

Simposio Internacional *La poesía hispano-portuguesa de los siglos XVI y XVII: géneros, textos y recepción intrapeninsular*. 28 e 29 de xuño de 2023. Facultade de Filoloxía.

### Persoal docente e investigador en formación e posdoutoral

Proporcionanse unicamente os datos do persoal destas características pertencente ás áreas de coñecemento do Departamento de Lingua e Literatura españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.

Área	Número	Tipo
Literatura Española	5	Predoutoral Ministerio
	1	Bolsas de colaboración
Lingua Española	1	Posdoutoral Xunta
	1	Bolsas de colaboración
Lingüística Xeral	1	Posdoutoral. Ramón y Cajal
	1	Bolsas de colaboración
Teoría da Literatura e Literatura Comparada	2	Posdoutoral. Juan de la Cierva
	2	Predoutoral. Un do Ministerio e outro da Xunta de Galicia

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na liña do sinalado nos informes de seguimento dos cursos anteriores, o cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Filoloxía é suficiente para atender as necesidades fundamentais do PDI e do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento ofrecidas pola centro. O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación, co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

O persoal de Administración e Servizos está composto por:

Rama	Posto	Nº	Relación Contractual	Grupo/ Categoría
Administración	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	1	Funcionario	C1/A2/A1
	Responsable de Asuntos Económicos	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Decanato	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Departamento	4	Funcionario	C1
	Postos base	2	Funcionario	C2
Servizos	Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos	1	Laboral	Grupo 4
	Axudante Técnico de Servizos	3	Laboral	Grupo 4
Biblioteca	Dirección da Biblioteca	1	Funcionario	A1/A2/C1
	Axudante de Biblioteca	3	Funcionario	A2/C1
	Auxiliares de Biblioteca	6	Funcionario	C1

Ao igual que en anos anteriores, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, tanto informático coma audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como de apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes. Por outra banda, segundo as demandas do servizo correspondente, tanto o persoal auxiliar de biblioteca como o persoal técnico resulta insuficiente para ofrecer todos os servizos necesarios e para levar a cabo as melloras previstas na Biblioteca, quer de apoio á aprendizaxe, quer de apoio á investigación. Na Biblioteca realízanse tarefas técnicas de procesamento dos dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI.

No referente ás enquisas de satisfacción do PAS, o INF21 indica que participación foi do 47,83% (11 enquisas cubertas de 23). No nivel de satisfacción global foi de 4.09 (sobre 5). Por ítems, as valoracións son positivas, por riba de 4 puntos en 9 das preguntas. As valoracións inferiores refírense ás condicións do posto de traballo (3.64), ás condicións laborais (3.73) e á seguridade e á motivación (con puntuacións de 3.82).

Na Facultade de Filoloxía, un 70.83% do PAS participou en programas de formación durante o curso 2022-2023, segundo o I6-17, unha porcentaxe superior á dos cursos previos: 2020-21 (43.48%) e 2021-22 (54.55%).

A valoración da satisfacción coa formación recibida mantense en bos niveis, cun valor medio de 8,27 (sobre 10). A enquisa foi respondida por un 37.89% do PAS (enquisa global para todo o PAS da USC). Vid. INF11.

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En conxunto, as infraestruturas destinadas ao proceso formativo na son as adecuadas no centros no que se desenvolve o título. Destacamos os fondos bibliográficos e recursos documentais, que son suficientes e están en actualización permanente.

Resúmense de seguido datos referidos ás actuacións e melloras a nivel da Facultade de Filoloxía correspondentes ao curso 2022-2023. Estes datos complementan ou actualizan a información dos informes de seguimento dos cursos anteriores, e do IRA 2022-23, referida a diversos ámbitos: espazos, biblioteca, equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao alumnado.

O persoal da Biblioteca revisa anualmente as programacións docentes das materias para actualizar os fondos bibliográficos e garantir a dispoñibilidade dos manuais e das fontes bibliográficas. Os datos que figuran na seguinte



## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

táboa sobre as referencias bibliográficas remiten a cantidades aproximadas, xa que non se están a procesar automaticamente. A cifra media de referencias por grao é a seguinte:

GRAO	REF. BIBLIOGRÁFICAS
Grao en Lengua e Lit. Españolas	3.105
Grao en Lingua e Lit. Galegas	3.010
Grao en Lengua e Lit. Inglesas	3.200
Grao en Filología Clásica	3.028
Grao en Ling. e Lit. Modernas	3.120
<b>TOTAL</b>	<b>15.463</b>

A biblioteca conta con redes sociais: Pinterest, Facebook e Instagram.

### *Satisfacción co Servicio de Biblioteca*

Nas enquisas realizadas pola Biblioteca a finais de xuño a profesores e alumnos do Centro, en relación co grao de satisfacción cos recursos ofrecidos, os resultados foron:

- o 81,44 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade das bibliografías recomendadas polo profesorado na biblioteca.
- o 80,85 % do alumnado opina que os recursos de información que ofrece a biblioteca ao alumnado están actualizados.
- o 84,2 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de 7 a 10 cos recursos que ofrece a Biblioteca.
- o 95,7 % dos profesores expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) cos recursos de información que proporciona a Biblioteca.

### **Equipamento e infraestruturas**

Durante o curso 2022-2023 as melloras máis significativas do curso obxecto de informe (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) son as seguintes:

- Reparación da porta de entrada da Facultade de Filoloxía;
- Compra dun Deshumidificador S&P 30 litros;
- Monitor para cartelaría dixital 75" e Transmisor extensor de vídeo;
- PC gama media-alta INTEL 17 12<sup>a</sup> xeración;
- Servizo de control de pragas 2023 na Facultade de Filoloxía;
- Instalación de rosetas, cablaxe e conexións;
- Realización de traballos de pintura, protección de suelos e selado en zona de escaleiras da Facultade;
- Material de ferraxaría para mantemento na facultade;
- Reparación porta de aceiro inoxidable. Substitución do pasador superior;
- Estantes modelo CS para Biblioteca da Facultade;
- Soportes para exposición;
- Subministración de móbel de estantes metálicos;
- Obras para acondicionar salas de eméritos e doutorandos;
- Obras para remodelación do primeiro andar da Facultade.

### **Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao alumnado**

A política activa de orientación e atención ao estudiantado que se viña desenvolvendo dende había anos por medio de accións a distintos niveis cristalizou nun Plan de Acción Titorial (PAT) aprobado no curso 2016-17. Resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do [PAT durante o curso 2022-2023](#):

#### **1. Actividades de acollida e orientación** incluídas no PAT:

- Sesión de **benvida** aos estudantes de grao de novo ingreso (05/09/2022).

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- Sesión de **benvinda e orientación** para estudantes de mestrados (por mestrado).
- Actos de recepción de **estudantes alleos** (15.09.2022)
- Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (14/09/2022).
- Sesión informativa sobre o **TFG** para estudantes de cuarto curso (21/09/2022).
- Sesión informativa sobre o **programa de prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (19/09/2023).
- Sesión informativa sobre **as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes**, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos (01/12/2022).
- **Cursos de formación** en competencias en información organizados pola Biblioteca.
- **Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG**: Obradoiros (12/12/2022).
- Sesión informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos dos títulos de grao**, para estudantes de 1º e 2º dos diferentes graos (28/03/2022).
- Sesión informativa sobre a **oferta dos Mestrados do Centro**, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao (20/04/2022).
- Participación no [Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC](#) (Área de Orientación Laboral e Emprego).
- **Encontros con egresad@s**. *Camiños da Filoloxía* (18,19/4/2023)
- Encontros con alumnado de cuarto (nas datas defensa TFG de xuño, xullo e setembro)

O **Estudiantado do Plan de Acción Titorial** ten un horario de atención semanal e participa nas Xornadas de acollida na Facultade de Filoloxía:

- David Fernández Centeno
- Laura Pumares Rejes

2. Participación da Facultade de Filoloxía en distintas actividades do programa [A Ponte entre o ensino medio e a USC](#):

- **Charlas temáticas** impartidas por profesorado da Facultade de Filoloxía. Ofértanse ao longo do curso, en función dos acordos entre os poñentes e os centros de secundaria.
  - Prof. M<sup>a</sup> José Alonso Veloso: *La poesía barroca: Góngora y Quevedo frente a frente (con Lope de fondo)*
  - Prof. María Álvarez de la Granja: *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico*
  - Prof. Francisco Dubert García: *Que é a gramática*
  - Prof. Víctor Meillet Schröder: *Filoloxías con futuro – tradicionais e dixitais*
  - Prof. Cristina Mourón Figueroa: *Historia británica a través do cine e a TV /British History through Films and TV Shows*
  - Prof. Xulio César Sousa Fernández: *Todos falamos dialecto*
- **Encontros na Zona USC 2022-2023**. O programa ENCONTROS na Zona USC permite que o alumnado de Ensino Medio poida visitar os distintos centros da universidade cando se está desenvolvendo a actividade académica ordinaria para coñecer en directo a universidade. 31 de Xaneiro, 1 e 2 de febreiro de 2023 na Facultade de Filoloxía, coa participación do equipo decanal, a coordinadora A Ponte, as coordinadoras dos graos e o alumnado titor.

**Encontros Virtuais na Zona USC**: Conexións telemáticas coas coordinadoras dos Graos e co estudantado de Bacharelato para atender as súas dúbidas sobre as titulacións ofertadas na Facultade. Celebrados os días 19, 20 e 21 de Xuño de 2023.

Esta actividade dispón dunha **páxina web propia** ([Encontros virtuais na Zona USC](#)), que ofrece aos posibles alumnos a posibilidade de coñecer a USC a través de páxinas informativas de cada facultade, como en

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

directo a través de videoconferencias organizadas polos diferentes Graos.

- Participación nas **visitas aos centros educativos** para informar sobre as probas ABAU e os diferentes Graos ofertados na USC. Presentacións realizadas pola coordinadora A Ponte, Luz Zas Varela. Programa aberto durante todo o curso.
- **A USC camiña.** Xornada de achegamento á USC. Programa aberto durante todo o curso

### 3. STEMbach

STEMbach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital, Proxectos defendidos no curso 2022/23:

- Profesores Ignacio M. Palacios Martínez e Paloma Núñez Pertejo: *A presenza do inglés na expresión habitual da mocidade galega.* IES Xelmírez II (Santiago)
- Profesoras María José Alonso Veloso e Arantxa Fuentes Ríos: *La interrelación entre imagen y palabra en la poesía mística en San Juan de la Cruz a la luz de su intencionalidad.* IES Rosalía de Castro (Santiago).

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados obtidos no curso analizado demostran o cumprimento do programa formativo, e tamén unha estrita adecuación ao nivel MECES. O seguimento permanente do título e os datos dispoñibles desde a súa implantación evidencian que o GLE pon a disposición dos seus estudantes un proceso formativo que culmina coa adquisición das competencias previstas na memoria de verificación.

#### **Resultados nas materias de primeiro curso**

Como se describiu en detalle no IRA 2022-23, as porcentaxes máis altas de non presentados e de suspensos adoitan rexistrarse nas materias do primeiro curso do grao, aínda que non están asociadas a materias concretas, dada a variación curso a curso que presentan estes valores comparando diferentes materias. Cómpre ter en conta, ademais, que as taxas máis baixas do primeiro curso son comprensibles, debido a factores como o cambio de ciclo, o necesario proceso de adaptación do alumnado a un novo sistema de estudo, etc. Malia existiren algunhas materias que na serie histórica do GLE parecen implicar un maior grao de dificultade para os alumnos, non se pode deducir a existencia de problemas nin tampouco a necesidade de intervención algunha.

No curso 2022-2023 as materias que presentan unha taxa de Suspenso igual ou superior ao 20% son todas materias básicas (non se fai referencia a materias optativas que poden ter porcentaxes máis elevadas de suspensos, pero que corresponden a 1 ou 2 estudantes). Son as seguintes: *Lingua española 1*: 20%; *Lingua inglesa 1*: 22,73%; *Lingua española 2*: 22,64%; *Lingua italiana 2*: 45,45%.

A materia *Fonética e Fonoloxía do Español*, que viña rexistrando altos valores de Suspenso e NP (no curso 2020-2021, un 18,33%), mellorou sensiblemente estas porcentaxes no curso 2022-23: 6,25% de S e 9,38% de NP). Na mesma liña, os resultados da materia *Gramática Española 2: Sintaxe* amosan unha considerable variación curso a curso: 4,69% no 2020-21, 25,42% no 2021-22 e 15,38% no 2022-23, o que leva a pensar que se trata de flutuacións ligadas á diversidade de intereses e mesmo de competencias iniciais do alumnado matriculado.

#### **Resultados na materia Tráballo de Fin de Grao**

O carácter particular da materia TFG ten interese especial, pois dá conta da idoneidade do proceso de aprendizaxe, con taxas de superación da materia moi elevadas. A taxa de éxito desta disciplina foi en Santiago do 100,00% no curso 2022-2023. Cómpre destacar que segue a ser elevada a taxa de «non presentados» (21,54% no curso 2022-23) e a de Renuncias (12,31%), xa que supón que **22 estudantes renunciaron** a presentar o TFG nese curso académico. Como é sabido, a normativa de permanencia impide ao alumnado defender o TFG no caso de ter pendente algunha outra

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

materia do plan de estudos; esta limitación leva quizais a non poucos titores a recomendar a renuncia, para favorecer que os esforzos do alumnado se canalicen cara ao éxito nas materias pendentes, e non tanto cara ao proceso de elaboración dun TFG que probablemente non se poida defender no último momento. Tendo en conta que só é posible solicitar unha vez a prórroga do traballo, a renuncia semella a mellor opción nalgúns casos. Pola contra, entre os que deciden non renunciar, pode suceder que a dedicación ao TFG non resulte tan produtiva ao atender materias pendentes, polo que desafortunadamente a opción final é o non presentado.

No curso 2022-23 foron defendidos **44 TFG**, con resultados que confirman a adquisición das competencias descritas na memoria de verificación do título. Na seguinte táboa compáranse os datos dos tres últimos cursos.

Curso	Aprobado	Notable	Sobresaliente	MH	Total
2020-21	8	20	14	2	44
2021-22	10	10	20	3	43
2022-23	7	20	14	3	<b>44</b>

Cómpre destacar a porcentaxe de TFG que obtén unha cualificación superior a Aprobado. Ademais, é repetitivo o feito de que a suma das cualificacións de Notable e Sobresaliente é a maior que a de aprobado.

Dos bos resultados dos TFG defendidos da boa conta o feito de que a Xunta Directiva de AELex (Asociación Española de Estudios Lexicográficos) outorgou por unanimidade o III Premio AELex ao mellor TFG sobre Lexicografía Hispánica 2024 ao TFG de André Nerga García, por un traballo defendido con MH no curso 2022-23 titulado *Revisión didáctico-lexicográfica de dicionarios escolares bilingües entre el griego clásico y el español*, dirixido por Mar Campos Souto, profesora do GLLE.

Na páxina web da Facultade de Filoloxía, no enlace aos *Traballos presentados* (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/tfg/traballos-presentados>) poden consultarse os títulos, resumos, titores e tribunal, seleccionando por curso académico e por titulación.

### Valoración do programa formativo

A idoneidade da actividade académica desenvolvida pode valorarse a través das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (o cumprimento dos obxectivos do programa formativo explícase máis abaixo no apartado 7.2.). Lamentablemente, a porcentaxe global de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida baixou no curso 2022-23 ata un 17.38%, o que debilita o seu potencial informativo. Con todo, non debemos desestimar as valoracións realizadas por quen destina o seu tempo a cubrir as enquisas.

Destácanse de seguido algúns aspectos concretos relacionados coa aprendizaxe prevista e conseguida polo alumnado no curso 2022-2023. Como se desprende da táboa, os resultados son positivos en todos os elementos considerados. A valoración global é de 4.12 (sobre 5).

O/A profesor/a (na súa materia)	2021-22	2022-23
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación	4.34	4.39
Cumpre co programa e co plan de traballo previsto	4.46	4.44
Proporciona información previa dos criterios para corrección de exames e traballos	4.07	4.19
Organiza ben as clases e explica con claridade	4.15	4.08
Motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase	3.99	4.23
Fai ver a relevancia da materia e o seu interese para a miña formación	3.98	4.05
Propón actividades para favorecer a aprendizaxe autónoma dos/as estudantes	4.00	4.00
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clases, titorías, aula virtual, correo electrónico...)	4.42	4.54

Como se pode apreciar, os indicadores de satisfacción son moi positivos en conxunto e, mesmo no aspecto con puntuación máis baixa (*Fai que a asistencia a clase resulte proveitosa*), supérase o 3,9. En xeral, estes resultados mostran pouca flutuación fronte ao curso anterior.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

##### **1. Demanda**

No apartado 1.1. deste informe menciónase que as cifras relativas á evolución do número de estudantes de novo ingreso confirman o atractivo da formación ofrecida e o éxito de implantación do título. Apréciase unha demanda consolidada no tempo, como quedou comentado en detalle no apartado 1.4. deste informe. Os esforzos da Facultade de Filoloxía no traballo de captación están dando froitos, a xulgar pola resposta na demanda.

##### **2. Resultados**

- *Taxa de rendemento* (créditos superados con respecto aos matriculados). No curso 2022-2023 a taxa de rendemento foi do **80.68**. Tanto esta taxa como a dos 3 cursos anteriores superan o obxectivo fixado na memoria de verificación, que era do 77%. No histórico deste indicador apréciase unha mellora paulatina desde 2014-15, un dato moi positivo. Comparativamente co resto, a media do curso 2019-20 (86,08) resulta excepcionalmente alta, seguida da do curso 2020-21 (83,2). É difícil identificar a causa destas oscilacións.
- *Taxa de éxito* (créditos superados con respecto aos presentados). Este índice presenta un valor do 90,33%, en lixeiro descenso comparado cos cursos anteriores, particularmente co valor do curso 2019-20 (94,35%), mais aínda así resulta un valor alto (a media da USC é de 87,67%).

2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
94.35	90.67	90.44	90.33

Fonte: IN35G

- *Taxa de avaliación* (créditos presentados con respecto aos matriculados). O valor no curso 2022-2023 mantense en cifras similares ao do curso anterior, aínda que non alcanza o dos cursos 2019-20 e 2020-21. Está situada lixeiramente por debaixo da media da USC (91,58%).

2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
91.24	91.76	88.88	89.31

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- *Taxa de graduación.* Os valores deste indicador levan subindo nos últimos tres cursos da serie, despois dun descenso acusado no curso 2019-20. Nos dous últimos cursos os valores superan a taxa de graduación prevista na memoria de verificación, situada no 50%.

2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
43.59	50.00	58.54	63.04

Fonte: IN37G

- *Taxa de idoneidade na graduación.* Este indicador mide a relación entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos e a súa cohorte de ingreso. A mos información sobre o grado de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica. Como se comproba na táboa, os valores melloraron nos dous últimos cursos, aínda que a taxa do curso 2022-23 é lixeiramente inferior ao do curso previo, que rexistra os mellores valores do sexenio.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	32.65	30.43	30.77	33.33	52.17	48.89

Fonte: IN51G

- *Duración media dos estudos.* A mellora de resultados que se observa nos tres últimos cursos noutros indicadores analizados tamén se constata ao analizar a duración media dos estudos. A cifra chegou a situarse por riba dos 5 anos no curso 2019-20 (5.19) e foi faixando progresivamente ata situarse en 4.59 no curso 2022-23. É moi frecuente que o TFG, e ás veces algunha materia pendente, queden para un curso máis, nos mellores casos abarcando só un cuadrimestre.
- *Taxa de abandono durante o primeiro curso.* O GLE chegou a ter unha alta taxa de abandono no curso 2017-18 (28.21%), baixando progresivamente desde ese curso. O valor máis baixo da último sexenio foi acadado no curso 2021-22 (un 6.67%), subindo ata o 11.32 no curso 2022-23. En calquera caso, este valor é máis baixo que o da media da USC (15,05%).
- *Taxa de abandono RD 1393/2007.* O valor deste indicador leva baixando continuamente desde o curso 2017-18, cando rexistrou un valor moi elevado (36.73%). O descenso no curso 2021-22 xa fora notable (17.07) e aínda é máis destacado no curso 2022-23: 13.04. Dado que a taxa de abandono recollida na memoria de verificación é do 20%, os valores dos dous últimos cursos son moi positivos: están situados por debaixo da porcentaxe estimada para o GLE e son inferiores aos da media da USC (20,63%).

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	36.73	39.13	35.90	21.43	17.07	13.04

Fonte: IN41G

- *Taxa de eficiencia.* Este indicador establece a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	88.50	84.33	81.86	90.34	91.22	90.55

Fonte: IN53G

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

### 3. Revisión e mellora

Hai moitas evidencias de que os resultados obtidos son analizados curso a curso e redundan na implantación de estratexias e accións de mellora, que insisten nos aspectos subliñados como menos positivos nos sucesivos IS. Como se desprende dos datos analizados, produciuse unha notable melloría na taxa de graduación e nas taxas de abandono rexistradas no título. Xa no curso 2014-15 puxéranse en marcha iniciativas para identificar as causas das elevadas taxas de abandono no GLLE e foron programadas varias e diversas AAMM para identificar causas e para establecer estratexias para combatelo. A mellora nos resultados desaconsella, polo momento, incidir neste tipo de accións.

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pódese afirmar que os indicadores de satisfacción son globalmente positivos en todos os colectivos analizados, particularmente no de estudantes e profesores. A principal debilidade constatada nos sucesivos IS é a baixa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, que impiden unha valoración efectiva do título.

Dada a diversidade e continuidade no tempo de accións de mellora levadas a cabo para superar estes índices decrecentes, non se pode apelar, sen máis, ao elevado número de enquisas que están invitados a cubrir os colectivos de alumnado e de profesorado. É preciso indagar sobre as causas deste abstencionismo e programar unha nova acción de mellora con respecto a esta cuestión (**AM-01** deste IS). Con todo, non se pode menosprezar a opinión da porcentaxe de participantes nas enquisas, que fan o esforzo de valorar a docencia recibida no título.

#### 1. Estudantes do GLLE

Como xa se comentou, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida avala os bos resultados do título nos anos transcorridos desde a súa implantación. Cómpre destacar que todos os valores das respostas da enquisa entre o alumnado se sitúan por riba do 4, agás unha pregunta que relaciona a asistencia a clase cunha mellor comprensión dos contidos, que recibe o valor 3.94. A valoración global está recollida na seguinte táboa.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Total	4.12	4.10	4.07	4.13	4.15	4.21

Fonte: IN46G. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

#### 2. Estudantes matriculados no TFG

Coméntanse neste punto os resultados das enquisas de satisfacción dos estudantes co Traballo Fin de Grao na Facultade de Filoloxía. A enquisa adminístrouse por vía virtual nas sesións organizadas pola Facultade ao finalizar os actos de defensa dos diferentes tribunais. Participaron nela 9 estudantes (da oportunidade de xuño/xullo) dos 44 que defenderon o TFG, o que volve incidir sobre a escasa representatividade dos resultados (20,45%).

Comentamos de seguido algúns dos indicadores:

- **Reparto de horas.** A memoria do título adxudica 300 horas totais de dedicación ao TFG (12 créditos ECTS). En



## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

liñas xerais os estudantes que responderon á enquisa consideran que precisan máis horas das asignadas na memoria do título ás distintas actividades (sesións de traballo co titor, lecturas, preparación da exposición oral, traballo autónomo).

- O 44,5% dos que responden indican que realizaron as actividades formativas programadas pola Facultade (*Obradoiros do TFG*) e que lles resultaron útiles. Entre as **actividades formativas** que consideraron suficientes están as relacionadas coa xestión de recursos bibliográficos, a presentación formal (citas, referencias bibliográficas, formatos), e a redacción de documentos e a procura de información en bases de datos. Algúns reclaman maior formación en técnicas de expresión oral e uso de software específico.
